

*Agora Papeles de Filosofía*, 43(2) (2024). ISSN-e: 2174-3347  
<https://orcid.org/0000-0003-2607-3390>

Editorial

## **ANOS CON AGORA**

Luís G. Soto<sup>1</sup> 

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela, España

A nosa experiencia, a de Alejandro Sobrino e a miña, con *Agora: Papeles de Filosofía* é poliédrica: primeiro, público lector, ou sexa, destinatarios, como público e lectores; despois facer parte do corpo da revista, como membros do consello de redacción, e colaborar como autores, en tempos en que estes estatutos eran compatíbeis; finalmente, integrar a dirección da revista.

*Agora* foi fundada polos departamentos de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1980 e publica o seu primeiro número en 1981. Cando me incorporo ao consello de redacción, ao final desa década, xa deu uns firmes primeiros pasos e, aprendendo sobre a marcha, efectuou unha importante reestruturación: dotouse dun regulamento de réxime interno e conta cun consello científico, que asentan e melloran o decorrer da revista. Até aí, publicando un número por ano fora cumprindo satisfactoriamente a súa función inicial: servir de órgano de expresión do que na Facultade se ía traballando en Filosofía, sen descoidar o contexto de Galicia e o mundo filosófico en xeral, en especial o ámbito universitario español.

Na década de 90, *Agora* pasará a editar dous números por ano, o que vai representar un considerábel esforzo, sobre todo en termos editoriais, pois na confección da revista o Servizo de Publicacións, que desde o inicio presta unha magnífica colaboración, só intervén no momento final, de impresión, publicación e difusión. Esta circunstancia, paradoxalmente unida á boa acollida académica e á crecente recepción de orixinais, vai afectar á periodicidade e o normal desenvolvemento da publicación, sobre todo coa entrada no século XX, nun entorno cambiante nacional e internacional, con necesidades e urxencias de mudanza e adaptación. Intentámolo entre todos, con maior ou menor acerto, fomos aos poucos achando o camiño e a partir de 2005 conseguíuse endereitar a marcha da revista.

Nesas datas, incorporeime á dirección, compartida con Marcelino Agís, e con Uxía Rivas e Luis R. Camarero na secretaría. Naquela altura propuxémonos: 1) recuperar o atraso, 2) adaptar a revista aos procedementos e avances en edición ao alcance da USC, 3) transformar a revista nunha publicación acorde cos parámetros académicos e científicos marcados polas axencias de avaliación, tomando como referencia a FECYT, 4) internacionalizar a revista, nos contidos publicados e na súa difusión. Aproximadamente, nuns 5-7 anos atinximos eses obxectivos. Con algúns cambios no equipo, compartindo a dirección con Luis R. Camarero e despois Nel R. Rial, e coa incorporación de Alejandro Sobrino, logramos consolidar eses resultados nos anos seguintes. Nese período, en 2012, *Agora* deixou de editarse en papel, pasando a ser só dixital. Con esta mudanza incrementouse, intensificouse, a relación co Servizo de Publicacións, nomeadamente co seu director, Juan Blanco e, moi estreitamente, con Enrique Quintáns, un verdadeiro compañeiro nas tarefas de edición da revista.

A partir de 2016, Alejandro Sobrino e eu, o equipo de dirección, apoiados polo consello de redacción, propuxémonos: 1) continuar e avanzar na modernización e actualización da edición, para conseguir unha mellor e maior difusión, 2) ligando este obxectivo ao coidado e incremento da calidade dos contidos publicados, así como 3) á renovación do parámetros, directrices é órganos (nomeadamente, o consello científico) e 4) ampliar o recoñecemento da calidade da revista, por medio da inclusión en bases de datos e a cualificación por axencias de avaliación. Así, logramos o selo de calidade da FECYT e a incorporación en Scopus. Nesa altura, tamén nos pareceu importante recuperar o espírito inicial e, contrabalancear a apertura e internacionalización consolidadas, coa publicación de artigos e/ou monográficos de persoas integrantes ou procedentes dos estudos de Filosofía da USC.

Hai un ano, en febreiro de 2023, anunciamos a nosa decisión de non presentarnos á reelección na dirección da revista. Non por non estarmos contentos, senón por considerar que se trataba dun bo momento para a renovación.

Facer unha revista como *Agora* é un traballón, mais tamén unha experiencia, na que acaba por intervir moita xente, de comunicación, relación, acción persoal e conxunta, que poden ser, e foron, moi gratificantes. Pola nosa parte, moitas grazas a todas/os cantas/os, nun momento e/ou outro, tedes acompañado este percurso: ás persoas que integraron os equipos directivos (dirección, secretaría e, outrora, administración), os consellos de redacción, o comité científico, ás/os autoras/es e coordinadoras/es de monográficos, ás/os informantes, ás/os apoiantes (proporcionando contactos, dando ideas, fortalecendo ánimos), aos departamentos e a facultade de Filosofía, motores e sustento desta singradura, ao persoal do Servizo de Publicacións e a imprenta universitaria, ás vicerreitorías implicadas e os reitores correspondentes, a toda a xente ao redor, que lendo, comentando, difundindo o publicado contribuíu ao mantemento e dinamización da revista.

Ah! Pola nosa parte, non nos imos, senón que pasamos, voltamos, a outras caras do poliedro: público lector e, por que non?, outra vez autores.